



**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACION DA CONCESIÓN DO
SERVIZO DE RESTAURACIÓN DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA MEDIANTE
PROCEDEMENTO RESTRINXIDO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA (2019-005-
SER-A)**

Índice

1.- Antecedentes.....	2
2.- Necesidade.....	3
3.- Condicións previas.....	3
4.- Obxecto do contrato.....	4
5.- Características da explotación.....	8
6.- Aportacións da Fundación.....	8
7.- Normas Xerais.....	9
8.- Oferta de restauración.....	10
9.- Fidelización.....	20
10.- Prestación do servizo.....	20
11.- Medios humanos.....	25
12.- Seguridade e hixiene alimentaria.....	25
13.- Infraccións e penalizacións.....	26

Anexo 1.- Equipamento e Locais



1.- Antecedentes.

O concurso internacional de arquitectura para a Cidade da Cultura de Galicia (en diante CDC) convócase en febreiro do 1999, seleccionándose os participantes en abril de ese mesmo ano. Resultan seleccionados 12 (2 galegos –César Portela e Manuel Gallego- outros 3 españois –Juan Navarro Baldeweg, Ricardo Bofill e Calatrava- e outros 7 internacionais – Peter Eisenman, Annete Gigon&Mike Guyer, Daniel Libeskind, Steven Holl, Jean Nouvel, Rem Koolhaas –O.M.A.- e Dominique Perrault-), dos que Calatrava renuncia finalmente a presentar proposta.

A proposta gañadora do concurso foi a presentada por Eisenman Architects e caracterízase pola reconfiguración da topografía do cumio do outeiro, para formar un val que o percorre de norte a sur. As vertentes que conforman ese val serán as edificacións, ás que se chega por unha serie de rúas –cortando os novos montes coma canóns- que reflicten no seu deseño as da “faba” (ou, en clásico, a “mandorla”) da cidade vella de Compostela. O val será, de seu, unha sucesión de prazas públicas en cascada.

Na actual configuración a CDC comprende un complexo de catro edificios construídos: Biblioteca e Arquivo de Galicia (en diante BAG), Centro de Emprendemento Creativo de Galicia (CECG), Museo Centro Gaiás (Museo) e Centro de Innovación Cultural e de Modernización Tecnolóxica de Galicia (CINC) e a zona urbanizada circundante, sobre o monte Gaiás, que enmarca a cidade de Santiago de Compostela polo oeste, pechando con esta a vaguada do río Sar. Ademais inclúense tamén as Torres en Homenaxe a John Hejduk, dous edificios unidos polo subsolo, un con cerramento de cristal e outro con fachada trasventilada de granito sobre un cerramento de chapa de aceiro. No resto do monte incorporouse o Bosque de Galicia, que permite o acceso peonil ao complexo pola súa ladeira oeste (cara a cidade de Santiago). Outras dotacións públicas son o Parque do Lago, o Xardín Literario e o Xardín do Teatro, estes dentro do contorno urbanizado do complexo e as áreas de lecer infantil que se dispoñen no extremo norte urbanizado e se prolongan polo cumio do Monte cara o Bosque.

A comezos deste mesmo ano púxose en funcionamento o novo enlace coa Autoestrada AP-9 que conecta coa cidade de Santiago de Compostela directamente desde o Monte Gaiás.

Os espazos a explotar para este contrato son os seguintes:

-O local da Cantina ubicado na fachada norte do edificio CECG, ao carón da súa entrada e fronte á do edificio de Biblioteca e Arquivo de Galicia, con acceso directo á rúa peonil que comunica ambos edificios co aparcadoiro e nas proximidades da praza central do complexo. Consta de dúas estancias unidas entre sí de 266,05 m² útiles, destinadas a cafetería e comedor.

-O local denominado Roupeiro que ofrece servizo de cafetería no edificio CINC, ao que se accede dende o vestíbulo da planta 0 do edificio. Consta de unha estancia de 61,70 m² útiles íntegramente destinado a cafetería.

-Un local destinado a cafetería no edificio Museo, ao que se accede dende a planta 0 do edificio, e consta de 180,19 m² útiles de cociña e de comedor. Actualmente sen servizo, sen completar os acabados do local e sen instalacións e equipamentos específicos.

-Unha Terraza exterior no Bosque de Galicia, de aproximadamente 138 m². Actualmente en funcionamento puntual e estacional.

No **Anexo 1** do presente prego se inclúen planos a escala, indicación de superficies, acabados e instalacións dos locais citados, así como dos locais auxiliares a aqueles que se poñen a disposición do adxudicatario nas condicións que máis adiante se describen.





2.- Necesidade.

O 11 de xaneiro de 2011 inaugurouse oficialmente a CDC e abríronse ao público os edificios de Arquivo e Biblioteca, aínda que ambos xa albergaban anteriormente actividades internas e exposicións ao público. Desde entón, o número de visitantes se incrementa ano a ano, en proporción ao número de actividades culturais e administrativas que se desenvolven na Cidade da Cultura de Galicia. Así mesmo, na actualidade traballan na Cidade da Cultura persoas das institucións ou iniciativas seguintes:

- Edificio Centro de Emprendemento Creativo de Galicia (CECG);

Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)
Espazo Emprende Gaiás (Coworking)
Viveiro Gaiás
Espazo Empresas
- Edificio Biblioteca e Arquivo de Galicia (BAG);

Subdirección Xeral De Bibliotecas
Subdirección Xeral De Arquivos
Real Academia Galega
Consello da Cultura Galega
- Edificio Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia (CINC);

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)
Espazo Empresas
- Edificio Museo Centro Gaiás e locais comerciais anexos;

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Espazo Empresas

En total, na actualidade traballan na CDC ao redor de 600 persoas, e segundo as previsións de novas incorporacións, este número se incrementará ata case 700 persoas nos edificios actualmente en funcionamento.

3.- Condicións previas.

3.1.- As características dos locais existentes, tanto pola súa configuración como polos acabados, moblaxe e instalacións dispoñibles, condicionan a oferta de restauración ao público, de xeito que a explotación do servizo deberán formularse en base a produtos e pratos que se adapten a aquelas características.

Así mesmo, a capacidade de almacenamento, a manipulación e evacuación de residuos e o acceso de provedores deberá realizarse nos locais, percorridos e horarios pactados coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia (Fundación), de acordo cos espazos dispoñibles e os horarios establecidos de atención ao público.





Pola outra banda, o adxudicatario non poderá alterar a configuración arquitectónica nin a distribución da moblaxe xa realizada.

3.2.- O volume de operacións da explotación dos servizos de restauración actualmente existentes no complexo (cantina no edificio CECG e cafetería no edificio CINC) foi de case 378.000 euros no ano 2018.

No mesmo ano 208 acadouse unha cifra de visitantes ao complexo superior ás 716.000 persoas, e de aproximadamente 150.000 usuarios das actividades culturais ofrecidas pola CDC (sen considerar o resto de asistentes ou usuarios a outras actividades ou eventos organizados no complexo por outras institucións e empresas).

4.- Obxecto do contrato.

4.1.- É obxecto desta contratación a xestión e explotación dos espazos para a prestación dos servizos de restauración na CDC en Santiago de Compostela, que atenderán a visitantes, usuarios e traballadores do complexo nos locais descritos en detalle no **Anexo 1**, coas instalacións fixas e moblaxe que se detalla no mesmo anexo e no texto do presente prego.

A prestación incluírá os seguintes servizos;

4.1.a) Edificio CECG;

Cafetería: explotación da cafetería denominada "A Cantina" ubicada no local na fachada norte do edificio, ao carón da súa entrada e fronte á entrada ao edificio de BAG, con acceso directo á rúa peonil que comunica ambos edificios co aparcadoiro e nas proximidades da praza central do complexo. Ten unha extensión de 187.01 m², distribuídos en barra mesa e terraza. Dispón de dúas mesas continuas con capacidade para 36 persoas; para a barra estímase unha capacidade para 20 persoas.

Comedor: explotación do espazo reservado a comedor ubicado no local de 79,04 m² e nos que poderá instalarse un expositor de produtos autóctonos e de calidade, para poder ser adquiridos polo público que se achegue a estas instalacións. Non obstante o anterior, este local terá como uso principal o de servizo de comedor, incluso coa posibilidade de uso como reservado, para a cafetería anexa. Estímase unha ocupación máxima para 36 persoas sentadas á mesa.

Terraza: a superficie adicada a terraza, na rúa fronte do local da cantina e/ou na praza principal do complexo do CDC, será suficiente para atender un mínimo de 20 persoas sentadas e poderá variar en función da época do ano e a climatoloxía.

Aínda que os locais non contan con aseos propios, dispoñen de acceso directo e inmediato a eles, así como tamén a unha sala de lactancia, convenientemente equipada.

Dispón ademais dun almacén, utilizado polo actual prestador do servizo, de 42,94 m², ao que se pode acceder con ascensor ou montacargas desde o edificio da Biblioteca e Arquivo, situado na fronte dos citados locais.

Actualmente en funcionamento continuo. A Fundación dispón do equipamento, instalacións e moblaxe básicos para a prestación dos servizos descritos neste apartado. Corresponderá ao adxudicatario a aportación da moblaxe e enxoval complementarios que entenda necesario, será novo e para o primeiro uso, tendo en conta que o deseño de todos os seus compoñentes terá que ser aprobado previamente pola Fundación.



4.1.b) Edificio CINC;

Cafetería: explotación da cafetería denominada "O Roupeiro" no local ao que se accede dende o vestíbulo da planta 0 do edificio. Consta de unha estancia de 61,70 m² de cafetería, e poden dispoñerse no entorno algunhas mesas (da orde de 3-4 mesas e 9-12 cadeiras) para atención ao público.

(o actual prestador do servizo ten organizados os espazos de xeito que permiten atender no interior do local aproximadamente a 20 persoas sentadas en mesa e 8 persoas en barra alta)

Aínda que os locais non contan con aseos propios, dispoñen de acceso directo e inmediato a eles.

Corresponderá ao adxudicatario a aportación da moblaxe e enxoval que entenda necesario para a prestación do servizo, será novo e para o primeiro uso, tendo en conta que o deseño de todos os seus compoñentes terá que ser aprobado previamente pola Fundación.

Actualmente en funcionamento continuo. O local dispón dunha barra/mostrador propiedade da Fundación, así como parte de mesas e cadeiras trasladadas desde a Cantina (que na actualidade se dispoñen no entorno do local), tamén propiedade da Fundación. O resto da moblaxe e do equipamento interior (estrutura metálica, teito interior en láminas plásticas, mesas, cadeiras e taburetes), son propiedade do actual prestador do servizo.

4.1.c) Edificio Museo;

Comedor: existe un local destinado a cafetería no edificio, sen servizo na actualidade pero que, ocasionalmente, se emprega para prestar servizos en eventos que se celebren no edificio (cáterin, barras desmontables e/ou mobiliario desprazado). Agora este espazo utilizarase para a explotación dunha cafetería/restaurante, aínda sen denominación formal. Ao local accedese desde a planta 0 do edificio e ten unha extensión de 152,97 m². Dispón tamén dunha saída de emerxencia ao exterior que a Fundación habilitará como entrada ao recinto. Estímase unha capacidade para 60-70 persoas sentadas á mesa, ademais das persoas para as que se programe a barra proposta polo licitador.

Comedor reservado: local colindante ao anterior, de 48,39 m², actualmente dedicado a outros usos pero que xa na orixe do proxecto se destinaba tamén a comedor, conta con subministración de auga e desaugue. A Fundación remodelará o espazo, anulando as actuais portas e abrindo outras cara o comedor principal, recuperará o uso das tomas de auga e construíra un pequeno moble auxiliar. Estímase unha capacidade para 24 persoas sentadas á mesa.

Cociña: espazo colindante e independente e con acceso directo ao anterior, provisto de saída de fumes, e con solo e paredes preparadas para o uso de cociña, con unha superficie de 27,22 m².

Terraza interior: ao espazo da cafetería/comedor accédese desde o corredor/sala de exposicións temporais do Museo, no que poden estenderse ata un máximo de 10 mesas e 40 cadeiras, na disposición que se autorice e sempre e cando non se utilice este espazo para exposicións ou montaxes, ou a súa convivencia se considere incompatible con estes. A Fundación comunicará esta circunstancia ao adxudicatario coa suficiente antelación.

Terraza exterior: a superficie exterior no corredor fronte do local da cafetería e/ou na praza colindante pero a distinto nivel, poderán utilizarse como terraza de xeito discrecional polo adxudicatario en función da época do ano e a climatoloxía. A disposición e número de mesas e cadeiras será autorizada previamente pola Fundación.



O comedor dispón de aseos exclusivos con acceso directo desde o local.

A Fundación porá a disposición do adxudicatario dous locais de 12,95 m² e de 12,66 m², situados no segundo soto do mesmo edificio; estes locais dispoñen de acceso directo de vehículos ata de gran tamaño, e desde os locais de restauración pode accederse a eles mediante un ascensor desde un acceso que se habilitará no espazo da cociña.

4.1.c.1- O adxudicatario será responsable da adquisición de todo o equipamento, moblaxe e enxoval que resulte necesario para a explotación do servizo e dos locais citados: comedor, cociña e terrazas. Todo o material citado será novo e de primeiro uso, tendo en conta que o deseño de todos os seus compoñentes terá que ser aprobado previamente pola Fundación.

A Fundación asumirá os seguintes custes para a adquisición de bens e equipos, IVE excluído, exclusivamente polos seguintes conceptos,

-ata 75.000 euros destinados á adquisición de equipamento da cociña e da barra (campá extractora de fumes, forno, freidoras, etc; o listado é a título de exemplo, non é exhaustivo nin limitativo),

-ata 10.000 euros para a adquisición de moblaxe para o comedor e terrazas,

-ata 15.000 euros para a construción da barra para a atención aos clientes no comedor e para completar os materiais de acabado interior da cociña: solo, paredes, teito.

Para o cobro do importe de estas adquisicións o adxudicatario presentará unha factura pola totalidade dos bens de cada concepto sinalado, unha vez que a Fundación comprobe que foron realmente subministrados ou construídos nas condicións establecidas, e se atopan en condicións de prestar servizo. O adxudicatario presentará un orixinal de cada unha das facturas dos seus provedores que xustifiquen o importe total de cada concepto facturado á Fundación, así como os orixinais dos certificados de garantía dos respectivos fabricantes. Este total será a suma das bases impositibles de cada unha das facturas dos provedores, ao que se lle sumará o IVE correspondente. Os bens e equipos así facturados pasarán a ser propiedade da Fundación, sen que o adxudicatario poida establecer calquera tipo de carga ou gravámen sobre eles. A Fundación unicamente aboará aqueles custes que se correspondan de xeito literal cos bens incluídos na súa oferta, admitindo exclusivamente aqueles cambios que, ao mesmo custe, igualem ou melloren a calidade e capacidade dos bens e equipos.

Corresponderán á Fundación os traballos para a ampliación da capacidade de extracción de fumes da cociña, descrita no **Anexo 1**.

4.1.c.2- A Fundación resérvase a facultade de adquirir directamente o equipamento sinalado no anterior apartado c.1, ben na totalidade ou parcialmente, en función das características económicas, formais e de calidade dos equipos e materiais que compoñan aquel equipamento.

4.1.c.3- No espazo da cociña deberán incorporarse, como mínimo, os seguintes elementos:

- zona de lavado / plonge (con lavalouzas de capota),
- mesado frío,
- mesa de pe,
- timbres,
- pileta,
- lavamáns,
- plancha,
- forno de convección (ao menos 6 bandexas 1:1),
- fogóns de indución,
- freidora,
- salamandra,
- zonas neutras de traballo,





- campá extractora autolimpable,
- envasadora ao vacío.

Nos locais auxiliares do soto do edificio o adxudicatario habilitará o espazo destinado a almacén e cámaras, que garanta un espazo para ultramarinos, outro para bebidas, outro para enxoval de cociña e servizos, e ao menos tres cámaras, dúas de refrixeración e outra de ultraconxelación; tamén habilitará espazo para cuarto frío equipado con piletas e mesados.

No espazo da barra de comedor deberán incorporarse, como mínimo, os seguintes elementos:

- Baixo a barra,
- cámaras de apertura de guillotina,
 - fregadoiro dun seo,
 - cubo para o lixo,
 - recollida de envases reciclables,
 - grifo de cervexa,
 - lavavasos.

- Na contra-barra,
- cafetera exprés,
 - moble de anaqueis con caixón para residuos do café,
 - terminal de facturación,
 - armario/cava para viños.

4.1.c.4- A explotación da cafetería do edificio Museo estará en funcionamento nun prazo máximo de dous meses desde a firma do contrato co adxudicatario. No caso de que a Fundación executase a opción sinalada no anterior apartado c.2, o prazo comprometido polo adxudicatario na súa oferta poderá modificarse para adaptalo aos tempos empregados pola Fundación na adquisición do equipamento. En calquera caso, os demais traballos e actividades comprometidos polo adxudicatario na súa oferta deberán terse completados no tempo ofertado.

4.1.d) Terraza do Bosque;

Trátase dun espazo pavimentado anexo á unha das sendas peonís, situado nas proximidades do edificio Museo e orientada cara o oeste e á cidade de Santiago.

Dispón dun conxunto de mobles fixos (barra, bancos, mesas) construídos en formigón, así como de instalación de auga e subministro de enerxía eléctrica.

4.2.- En todos os casos, os servizos de cáterin (descansos, aperitivos e viños de honra) para grupos que asistan a actividades non diarias da CDC, non se contemplan con carácter de exclusividade. Así mesmo, queda excluído do obxecto do contrato a instalación de barras e postos de venda no exterior do local con motivo de concertos ou eventos con grande afluencia de público nas prazas do recinto. A Fundación ou as entidades que organicen actividades na CDC poderán contratar este tipo de servizos a outras empresas, ou autorizar a instalación de aquelas barras e postos noutras condicións.

4.3.- No local do edificio CINC, o explotador disporá de ata un máximo de 6 fornos microondas para o seu uso polos traballadores do complexo, e procurará a colocación ao menos doutro microondas na Cantina. O uso dos microondas non permitirá necesariamente o uso dos demais espazos.





4.4.- As empresas licitadores, antes da formulación das ofertas, deberán visitar as instalacións nas que se vai a executar o contrato, co fin de comprobar o seu estado, previa solicitude a Fundación.

5.- Características da explotación.

O adxudicatario ofrecerá un servizo moderno e de calidade, acorde coa arquitectura, as actividades e a imaxe de marca da CDC, cunha política de prezos competitiva e asequible, axeitada á natureza pública do complexo, pero tamén coa calidade que se require á oferta e aos servizos a prestar. O negocio se desenvolverá de xeito áxil e rápido, co trato e atención correcto, amable e educado en todo momento.

Ofrecerá un servizo de restauración sinxelo e que poida cubrir un amplo espectro de necesidades, e, tal e como xa se indicou, en base a produtos e pratos que se adapten as características físicas e funcionais dos locais e á capacidade das súas instalacións.

6.- Aportacións da Fundación.

Para o desenvolvemento do servizo a Fundación aportará inicialmente:

-Os locais descritos no **Anexo 1**, coas instalacións e moblaxe, tanto fixo como móbil, que se describe no citado Anexo e que se resumen de seguido:

Edificio CECG / Cantina / Comedor,

-Dúas mesas de 76 x 660 cm. rematadas en corian branco, apoiadas nun total de oito soportes que se prolongan de dous en dous, elevándose e ramificándose como estruturas arboreas, construídos en madeira de carballo con acabado natural. Cada unha das mesas leva dous pares de tomas de corrente Schuko 16A/250V, con tapa abatible.

-10 cadeiras apilables modelo LATTEN de 45 x 45 cm., construídas a base de listóns de pino de Flandes e co asento en MDF chapado con Formica branca.

-2 taburetes altos, en madeira de pino de Flandes, con catro patas e barra metálica de repousapés, para o seu uso na barra

-Unha estantería-expositor, de 94x94x425, con 6 montantes e 22 estantes de taboleiro rechapado en carballo.

-Un oficio de planta circular de 360 cm de diámetro e de 525 cm. de alto, construído en estrutura de aceiro inoxidable e forrado cara o exterior en listóns de madeira de carballo. Dispón de alimentación eléctrica, subministro de auga fría e desaugue e de mesa auxiliar en tubo e chapa de aceiro, de acordo co sinalado nos planos do **Anexo 1**.

-Barra de 1290 x 110 x 70 cm, construída con estrutura metálica forrada de taboleiro plastificado branco polo interior e revestida ao exterior con alicatado de azulexos en 10 cores diferentes. A encimera é de 50 cm. de ancho e está rematada en corian branco. Dispón de alimentación eléctrica, subministro de auga fría e desaugue.

-9 mesas modelo Ypsilon, de Pedrali, de pata central con catro apoios, en fundición de aluminio, e sobre cadrado forrado en chapa metálica de aceiro inoxidable, de dimensións 90x90 cm, utilizables en interior ou exterior, susceptibles de combinarse entre sí pra formar grupos, ou de se dispoñer en prolongación das mesas de carpinteiría existentes.

-36 cadeiras de inxección de polipropileno, en color branco, modelo Snow de Pedrali.



Edificio CINC / Roupeiro,

-Barra/Mostrador de 470 x 55 cm, fronte de paneis de pladur coa superficie de apoio rematada en taboleiro de madeira lacada.

Edificio Museo / Cafetería.

-A moblaxe, equipamento ou instalacións fixas e/ou permanentes que resulten necesarios de acordo coa Oferta Técnica ou de negocio presentada polo adxudicatario, e ata os límites sinalados no apartado 4.1.c.1 do presente prego.

Terrazas exteriores.

- 20 mesas modelo Ypsilon, de Pedrali, de pata central con tres apoios, en fundición de aluminio, e sobre plegable cadrado forrado en chapa metálica de aceiro inoxidable, de dimensións 60x60 cm.

- 80 cadeiras de inxección de polipropileno, en color branco, modelo Snow de Pedrali.

- 8 sombrillas parasol, modelo Aluminio, de Ezpeleta, de tela en color crudo de 300x300 cm, coa súa subestrutura de 8 varillas de aluminio, columna central de soporte en tubo de aceiro de D:48mm, sistema de poleas para elevación e recollida e contrapesos para a súa instalación exterior autónoma, ou 5 rácores de adaptación de dimensións de soporte para a súa instalación na terraza do Bosque.

A moblaxe e demais equipamento auxiliar para o seu uso nos espazos exteriores do complexo gárdase nun almacén anexo ao edificio BAG, cara á praza central e con acceso desde a rúa que dá acceso a esta praza.

Terraza do Bosque.

-A moblaxe fixa construída en formigón armado que se describe no **Anexo 1**.

-As subministracións e consumos de enerxía eléctrica, auga, climatización e telecomunicacións (agás o consumo da liña telefónica que correrá a cargo do adxudicatario), necesarios para o desenvolvemento do servizo.

-O mantemento xeral dos locais (solos, paredes, teitos e instalacións), incluíndo as reparacións e reposición de funxibles sempre que non sexan imputables a un mal uso por parte do adxudicatario ou do seu persoal, ao formar parte aquelas das instalacións dos respectivos edificios. En calquera caso o adxudicatario está obrigado a conservar en bo estado todos os bens que lle son entregados, e non poderá realizar por si mesmo obras ou modificacións de calquera orde.

7.- Normas Xerais.

1.- O adxudicatario está suxeito as normas da Fundación e deberá cumprir en todo momento as súas instrucións no referente á seguridade e ao orde interno, velando para que o seu persoal as cumpran en todo o recinto da CDC. Pola outra banda permitirá o acceso ás persoas que designe a Fundación para realizar todo tipo de operacións de supervisión, mantemento, obras ou calquera outra intervención que sexa necesaria.



2.- O adxudicatario está obrigado a usar as superficies que se lle entregan, co único propósito especificado no obxecto deste contrato, e non venderá, exhibirá ou exporá bens ou artigos, nin exercerá outra clase de actividade que non sexa a propia do obxecto do contrato, sen a autorización expresa e outorgada por escrito pola Fundación.

3.- Os prezos máximos a aplicar ao público usuario das instalacións de restauración durante o primeiro ano de duración do contrato serán os ofertados polo adxudicatario e aprobados pola Fundación. Estes prezos poderán ser modificados anualmente, previa solicitude á Fundación mediante petición razoada e tendo en conta que o aumento máximo a autorizar será o que resulte da aplicación do IPC xeral galego relativo ao período anual inmediatamente anterior.

4.- A oferta de restauración debe incluír, como mínimo, o especificado no presente prego e nos compromisos que o adxudicatario incorpore na súa oferta inicial.

5.- No caso de que a Fundación autorizase a realización de servizos distintos aos acordados, deberá procederse á modificación do contrato no que puidera resultar afectado.

6.- Calquera promoción publicitaria que desexe realizar o adxudicatario deberá ser notificada con antelación á Fundación e deberá axustarse aos cánones de imaxe pública da CDC. Asimesmo a Fundación deberá dar o seu consentimento expreso, outorgado por escrito, á colocación de carteis publicitarios dentro e fora dos recintos asignados ao adxudicatario. Pola outra banda a Fundación terá o dereito a instalar material publicitario nos diferentes locais para informar das actividades da CDC.

8.- Oferta de restauración.

8.1.- Modalidades,

Os servizos de restauración nas cafeterías e comedores asignados inclúen, ou poden incluír, as seguintes modalidades de prestación,

- 1- cafetería: Cantina, Roupeiro, Museo, Terrazas e Terraza do Bosque,
- 2- comida con atención en mesa: Cantina e Museo,
- 3- comida en autoservizo: Cantina,
- 4- cáterin: en calquera espazo do complexo, tanto interior como exterior, ademais dos xa citados e especificamente destinados a esta explotación,

A modalidade “3-comida en autoservizo”, prestarase unicamente cando así se propoña na oferta do adxudicatario, e se asigna exclusivamente aos espazos da Cantina, por entender que estes espazos resultan máis axeitados considerando as características físicas e funcionais dos locais e a capacidade das súas instalacións.

Na prestación dos servizos de restauración o adxudicatario ofertará en todo momento produtos de primeira calidade, frescos e do mercado do día, sempre en perfecto estado de conservación, con preferencia de produtos a granel e de produción ecolóxica. No caso de utilizar produtos conxelados, serán da máxima calidade e con plena garantía de non romper a cadea de frío. Darase preferencia aos produtos que non utilicen plástico nos seus envases e no caso das augas o envase será de vidro reutilizable. Ofreceráse preferentemente produtos “de proximidade” e con etiquetado en galego.

A xestión do negocio debe responder a unha concienciación e adecuación á normativa de xestionar adecuadamente os sobrantes de alimentos.



Na preparación de alimentos evítanse os seguintes produtos e elaboracións:

- aceites vexetais refinados,
- grasas hidroxenadas ou parcialmente hidroxenadas (grasas trans),
- ultraprocesados: preparacións industriais comestibles elaborados a partir de substancias derivadas doutros alimentos,

Modalidade de cafetería e comida con atención en mesa,

Disporase de servizo en barra e en mesa de bebidas quentes e frías, produtos de acompañamento, bocadillos, sándwiches, tapas, así como todos aqueles produtos habituais de consumo durante as pausas da xornada laboral ou nos períodos de lecer, e segundo os prezos ofertado polo adxudicatario e nas condicións referidas neste prego.

Deberán ofrecerse ao usuario pratos básicos como alternativa aos pratos presentados nos "Menús do día", sen que a súa elección supoña incremento no prezo do menú, e, previo aviso do interesado, elaboraranse pratos coas opcións de baixo en sal, sen gluten, para diabéticos ou para outras incompatibilidades ou alerxias. O adxudicatario establecerá os medios para que os interesados poidan coñecer estas opcións e facer os avisos previos.

Deberán ofertarse froita e zumes naturais. O zume de laranxa que se ofrezca deberá ser necesariamente elaborado nas propias instalacións (Cantina, Roupeiro, Museo) inmediatamente antes do seu consumo.

Estará a disposición do usuario información sobre alérxenos, escrita e oral, que poida transmitir de xeito claro aos usuarios, no caso de que así o solicitaran.

Os comedores estarán preparados coas mesas vestidas e postas desde as 14:00 horas, e ofrecerán ao usuario unha carta de pratos cos seus respectivos prezos e o "Menú do día" definido no presente prego. O persoal camareiro tomará nota da comanda e se servirán na mesa os pratos elixidos preparados e as bebidas e condimentos, coa retirada da louza e, de ser o caso, os cubertos entre prato e prato. Nos comedores (local 79,04 m² na Cantina do edificio CECG, e locais de 152,97 m² e de 48,39 m² na cafetería do Museo) poderán facerse reservas de mesa.

As prestacións serán áxiles no servizo e flexibles para adecuarse á variación de afluencia de visitantes ao longo do día e da semana, adaptándose á internacionalidade dos visitantes, os seus horarios e costumes.

Modalidade de comida en autoservizo,

No caso de que o adxudicatario ofertara esta modalidade, no moble de autoservizo presentarase unha variedade de pratos entre os que se poderá elixir o "Menú do día", acompañados de bebidas variadas e produtos de guarnición e condimentos, coas condicións esixidas neste prego. O autoservizo será atendido polo persoal da contrata que resulte necesario, con independencia de que existan pratos preparados dispostos para coller directamente polo usuario, debendo garantirse unha atención personalizada e fluida.

O licitador definirá a amplitude do autoservizo, que poderá ser a alternativa única para o espazo da Cantina, destinando a esta modalidade todo o espazo dispoñible; ou consideralo como un complemento da modalidade de cafetería e comedores con atención en mesa, compartindo ambas modalidades os espazos da Cantina. Neste último caso enténdese que a modalidade de autoservizo deberá ser máis sinxela e de menor alcance que no primeiro caso.



Deberán ofrecerse ao usuario pratos básicos, non expostos no moble, como alternativa aos pratos presentados no autoservizo, sen que a súa elección supoña incremento no prezo do menú, e, previo aviso do interesado, elaboraranse pratos coas opcións de baixo en sal, sen gluten, para diabéticos ou para outras incompatibilidades ou alerxias.

A partir das 14:00 horas deberán estar dispoñibles no expositor os pratos para elixir a composición do "Menú do día", así como do resto de acompañamentos, condimentos e bebidas que se oferten. Estes produtos deberán repoñerse continuamente ata as 16:00 horas.

Modalidade de cáterin,

A Fundación solicitará ao contratista a prestación deste servizo cunha antelación suficiente para a súa preparación, atendendo á tipoloxía, aforo e demais condicións do evento, que non será inferior a 24 horas para os servizos de cáterin para un aforo de ata 25 persoas, e de 48 horas nos demais casos.

É imprescindible a variedade a todos os niveis, tamén de prezo e gastronómica. O cáterin deberá ser capaz de adaptarse e aportar solucións de servizo segundo as diferentes características e tipoloxía de cada evento, horario, espazo e cliente.

Deberá prestarse atención á selección cualificada do persoal, como parte crítica do nivel de satisfacción do usuario, e tendo en conta o lugar institucional do complexo e as súas características arquitectónicas únicas.

Continuidade do servizo,

O adxudicatario procurará a continuidade dos servizos do edificio CECG e do Museo fora das horas de concentración habitual dos traballadores de complexo (almorzo e comida), mantendo servizos á carta máis sinxelos pero coa variedade e calidade esixida para o resto da oferta gastronómica.

O mesmo procurárase para os fines de semana e festivos nos mesmos espazos, ben continuando os "Menús do día" que máis adiante se describen, ou ben mediante menús alternativos ou servizos á carta, mantendo as mesmas obrigas xerais que para os resto da oferta gastronómica, adaptándoa á tipoloxía e número de visitantes do complexo durante os días sinalados.

Coordinación coas actividades no complexo,

O adxudicatario establecerá un sistema de comunicación e de coordinación continuo coa Fundación para coñecer os eventos que se celebren no complexo, de xeito que, cando sexa preciso, realice os axustes na súa oferta gastronómica para atender aos grupos de usuarios que conciten aqueles eventos, considerando o número e tipo de visitantes previstos, e as características e formato do evento.

8.2.- Menús,

O adxudicatario deberá elaborar, como mínimo, os seguintes menús, segundo as distintas modalidades de servizo,

M1-Menú do día, na modalidade de cafetería e comedores con atención en mesa,

O adxudicatario ofertará diariamente unha carta de pratos variada e na mesma se incluírán, alomenos, dous primeiros pratos e dous segundos pratos, entre os cales deberá ofrecerse, alomenos, un prato de pescado e outro de carne acompañados de guarnición, e tres sobremesas, café ou infusión. Ofreceráse unha carta de viños brancos e tintos con DO galegas, preferentemente.

Os primeiros pratos consistirán en sopas, caldos, entremeses, verduras frescas, ensaladas variadas, pasta, cremas, consomés, pescados, etc. Os segundos pratos consistirán en carnes ou pescados con guarnicións. As sobremesas consistirán en froita, lácteos, xeados e doces caseiros.

O "Menú do día" estará composto necesariamente por un primeiro, un segundo e unha sobremesa, de entre os que formen parte da carta, acompañados de pan e bebida (auga, refresco, cervexa, copa de viño), con café ou infusión. Os pratos serviránse en cantidade suficiente, reservándose a Fundación, en caso de discrepancia, a interpretación e cuantificación do que se entende por "cantidade suficiente". Todos os complementos como limón, aceite, vinagre, sal, pementa, azucre, etc. serán incorporados ao servizo sen custe engadido.

Os menús serán variados e incluírán produtos de tempada, cambiará todos os días sen repetirse na mesma semana. De igual xeito, dentro do mesmo mes ningunha semana poderá ter unha variación de menús igual ao de outra.

Para valorar a variedade e calidade dos menús, o licitador deberá presentar na oferta dúas propostas de menús semanais, un para a tempada de primavera-verán e outro para a de outono-inverno, coas receitas, características da elaboración e información nutricional de dous pratos primeiros e dous pratos segundos por tempada, ata un total de oito receitas. Ademais, a proposta deberá de incluír unha programación mensual orientativa para dous meses, un mes para cada unha das tempadas.

Dentro das alternativas de pratos proposta para o "Menú do día", deberá ofrecerse unha combinación completa que atenda á denominación de "Menú saudable". A tal efecto, na carta dos menús aparecerán sinalados con un logotipo específico aqueles pratos, primeiros, segundos e sobremesa, que compoñen este "Menú saudable". Este menú será baixo en calorías, que se indicarán de forma aproximada para cada prato, e será obxecto dunha programación semanal (de cinco días laborais) específica, de xeito que o usuario cotián poida coñecer de antemán, aínda de xeito aproximado, o contido calórico e a información nutricional dos menús programados para ese período.

O adxudicatario definirá os medios polos que comunicará diariamente aos clientes os diferentes menús coa información esixida, así como o xeito de coñecer anticipadamente a necesidade de menús alternativos (veganos, como exemplo).

O licitador poderá ofertar un medio menú consistente nun único prato principal, sobremesa, pan e bebida que non poderá superar o 65% do prezo fixado para o menú completo.

M2-Menú do día, na modalidade de autoservizo,

No caso de que o adxudicatario propoña a modalidade de autoservizo na Cantina, poderá establecer un "Menú do día" específico para este espazo, coas mesmas determinacións xenéricas que se estableceron no parágrafos anteriores. Obviamente, a carta de pratos poderán ser de calidade e variedade inferior aos da modalidade de cafetería e comedores con atención en mesa.



Tamén para esta modalidade e para valorar a variedade e calidade dos menús, o licitador deberá presentar na oferta dúas propostas de menús semanais, un para a tempada de primavera-verán e outro para a de outono-inverno, coas receitas, características da elaboración e información nutricional de dous pratos primeiros e dous pratos segundos por tempada, ata un total de oito receitas. Ademais, a proposta deberá de incluír unha programación mensual orientativa para dous meses, un mes para cada unha das tempadas.

M3- Menú executivo,

A demanda da Fundación, o adxudicatario ofertará unha carta de pratos na mesma se incluírán, cando menos, dous primeiros pratos e dous segundos pratos, entre os cales deberá ofrecerse, un prato de pescado e outro de carne acompañados de guarnición, e tres sobremesas, café ou infusión. Ofreceráse unha carta de viños brancos e tintos con DO galegas, preferentemente.

Os produtos a servir e preparar serán de calidade superior aos menús diarios, como tamén o será o enxoval (cristalería, manteis, xogo de cubertos, utensilios e accesorios en xeral).

Esta modalidade servirase no comedor reservado do edificio Museo, procurando a Fundación comunicar o número de comensais cunha antelación mínima de 24 horas.

M4- Menú almorzo,

O adxudicatario ofertará diariamente, dentro da modalidade de cafetería, cando menos un "Menú almorzo" consistente, como mínimo, por unha bebida quente, unha peza de bolería e un zume, de iguais características (calidade, cantidade, presentación) que os incluídos na "Lista de prezos fixados" no apartado 8.3.2.

M5.- Menú cáterin,

O adxudicatario ofertará ata tres menús de diferente rango para as actividades de cáterin que a Fundación lle poida solicitar, desde un menú sinxelo para pausas ou intermedios nos diferentes actos ata un menú máis elaborado para actos de especial relevancia, de acordo coas determinacións que expóñense de seguido. A Fundación reservase, en caso de discrepancia, a interpretación e cuantificación do que se entende por "cantidade suficiente".

Cáterin básico,

Serviranse, como mínimo, os seguintes produtos: café e auga quente con infusións en sobres, leites variadas (enteira, desnatada, vexetal, ...), zume natural de laranxa, auga mineral natural con e sen gas, pastas variadas e/ou biscoito caseiro,

Cáterin medio,

Serviranse, como mínimo, os seguintes produtos: viños brancos e tintos galegos con DO, cervexa (con ou sen alcohol), auga mineral natural con e sen gas, refrescos variados e alimentos en frío (fritos secos con ou sen sal, queixos variados e embutidos predominantemente galegos, conservas galegas de calidade),

Cáterin especial,

Serviranse, como mínimo, os seguintes produtos: viños brancos e tintos e espumosos, predominantemente galegos e de outras procedencias, todos con DO; cervexa (con ou sen alcohol); auga mineral natural con e sen gas; refrescos variados; alimentos en frío (fritos secos con ou sen sal, queixos variados e embutidos predominantemente galegos e de



outras procedencias, conservas galegas de calidade, ...) e alimentos quentes en forma de tapas caseiras (croquetas, tortilla, marisco rebozado, pinchos "da casa", ...).

8.3.- Produtos á venda,

O adxudicatario deberá expoñer a lista de prezos, selada pola Fundación, en lugar visible para usuarios, en galego, castelán, inglés, alemán e francés.

As características da lista deberán estar perfectamente definidas en canto o tipo de produtos, peso dos mesmos, volume, marcas comerciais, etc.,..., de tal forma que non poida existir confusión nos produtos ofertados.

8.3.1.- Menús.

Os prezos máximos, IVE incluído, que poderán establecerse para os diferentes menús que o adxudicatario debe elaborar se recollen de seguido. Os licitadores poderán ofertar prezos inferiores ou iguais, nunca superiores, o que sería motivo da súa exclusión.

	Menú	Prezo máximo
M.1	Menú do día (primeiro, segundo, sobremesa, pan, bebida e infusión), en modalidade de servizo en mesa,	11,00 €
M.1	Medio menú	7,15 €
M.2	Menú do día (primeiro, segundo, sobremesa, pan, bebida e infusión), en modalidade de autoservizo,	7,00 €
M.2	Medio menú	4,55 €
M.3	Menú executivo	18,00 €
M.4	Menú almuerzo	5,00 €
M.5	Menú cáterin	
	1- básico para menos de 25 persoas	4,50 €
	para menos de 75 persoas	
	para máis de 75 persoas	
	2- medio para menos de 25 persoas	9,00 €
	para menos de 75 persoas	



para máis de 75 persoas	
3- especial para menos de 25 persoas	18,00 €
para menos de 75 persoas	
para máis de 75 persoas	

Os prezos sinalados para os “Menú cáterin” se refiren prezos por persoa, e o licitador completará a oferta establecendo varios prezos para cada tipo de menú en función do número de asistentes previsto, de acordo coa seguinte escala,

- servizo para menos de 25 persoas,
- servizo para menos de 75 persoas,
- servizo para máis de 75 persoas,

O servizo de cáterin na CDC, ademais de un volume de negocio, supón tamén unha esixencia de cara as distintas empresas que poidan solicitar este servizo, o que implica unha prestación en consonancia cos espazos públicos que os albergan.

8.3.2.- Produtos de consumo con prezo máximo,

Os artigos á venda na área das cafeterías que, como mínimo, deberán ser ofertados polos licitadores e, polo tanto, incorporados á oferta, serán os que se indican na lista que se expón de seguido. Esta lista contén a relación dos produtos cos prezos máximos, IVE incluído, fixados pola Fundación. Os licitadores poderán ofertar prezos inferiores ou iguais, nunca superiores, o que sería motivo da súa exclusión.

